



FAPACEL

Edificio Cei Nodus Concello de Lugo
Av. de A Coruña, 500
27003 – Lugo
fapacel@gmail.com



Cada fin de curso as ANPAS teñen que remangarse e comezar a revisar como a Administración emprega as matemáticas nos centros. Emprega as matemáticas porque o alumnado non deixa de ser un número, para eles.

Cada curso unha chea de familias revisan convocatorias para o profesorado, dotacións de persoal para os seus centros..., agardando que eses documentos non reflexen un recorte de especialistas que os seus fillos e fillas precisan para ter unha educación de calidade, ou agardando que a consellería cumpra ver reflexadas as promesas que lles fixo o curso anterior lles fixeron sobre a dotación de recursos humanos no seu centro.

Estamos Estámonos a referir, a referimos a aquel alumnado que, polas súas características individuais, precisan apoios educativos de PT, AL, coidadoras... que por outra banda, a lei llos garante, igual que é garante dun ensino público inclusivo.

O alumnado non é un número polo que nos molesta que se apliquen ratios sen criterios individuais, que se nos diga que estamos

máis dotados que outros centros e aínda nos queixamos, que a ver para o curso que ven.

As nenas e nenos non son números, e as familias protestamos porque temos motivos; e porque porque cos dereitos das nosas fillas e fillos non se negocia.

As familias estamos fartas de estar curso tras curso vendo o que ocorre, a ver se se cobren necesidades de apoio das nosas nenas e nenos fillos e fillas ou se hai que volver a protestar porque unha vez máis, esta consellería non respecta os seus dereitos; pelexar para que se manteñan as que hai, un auténtico calvario e unha loita continua, cun desgaste emocional que as familias non nos podemos permitir nin tampouco debemos.

A isto súmase a Resolución do 10 de xaneiro de 2024, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos pola que se da publicidade ao acordo de mellora cos sindicatos. Este acordo materializase do seguinte xeito: A redución do horario lectivo do profesorado implica que se perden por cada mestre dúas horas de atención ao alumnado (de 25 pasa a 23) que, como ten que seguir existindo profesorado de garda para cubrir ausencias, esas dúas horas vanse perder de horas de apoio ao alumnado con dificultades.

Se se trata dun acordo chamado de "mellora" non se pode permitir que sexa o alumnado máis vulnerable (o que precisa apoios), ou que ten algunha discapacidade e non conta a tempo completo cun especialista, caso por exemplo das prazas de atención preferente que aínda estando suficientemente argumentadas e reclamadas polos centros non foron concedidas, os que vaian a saír prexudicados por este acordo.

Consideramos que se está a abandonar ao alumnado e a atención e a inclusión ten que estar asegurada.

Non queremos que se comparen centros, todo o alumnado ten os mesmos dereitos, nin depender de se entra ou non alumnado con necesidades para ver se así podemos conseguir algo, soamente pedimos exiximos que os nosos fillos e fillas sexan valorados e en función das necesidades, de dote os centros dos medios humanos necesarios.

A educación é un dereito de todas e todos

A Directiva de Fapacel

